

## INSTRUCCIÓN DA XERENCIA 9/2021 DO 6 DE XULLO POLA QUE SE REGULA A XESTIÓN DAS AXUDAS “RAMÓN Y CAJAL” NA UNIVERSIDADE DE VIGO

O Programa Estatal de Promoción do Talento e a súa Empregabilidade en I+D+i reconece a formación, incorporación, mobilidade e empregabilidade do talento en actividades de investigación, desenvolvemento e innovación como un dos pilares do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, e a base para a xeración, aplicación e transferencia de coñecementos, tecnoloxías e innovación, contribuíndo deste xeito á consecución dun dos obxectivos recollidos na Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

O desenvolvemento da carreira científica, a incorporación de investigadores e persoal de investigación, tanto no sistema público de I+D+i como no sector privado, a necesidade de formar, fomentar a mobilidade, incorporar, reter e atraer recursos humanos, tanto nas súas etapas predoutorais como posdoutorais constitúen obxectivos específicos do Programa Estatal de Promoción do Talento e a súa Empregabilidade en I+D+i.

En cumprimento do disposto no artigo 17.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, establécense as ordes de bases reguladores que proporcionan un marco xurídico común ás distintas convocatorias de axudas que se dicten no marco deste Programa, establecendo con carácter xeral a notificación electrónica de todos os actos que emita o órgano concedente e a obrigatoriedade para os participantes nos procedementos de concesión e seguimento das axudas de cumprimentar e achegar toda a documentación requirida nos ditos procedementos a través das aplicacións informáticas postas á súa disposición polo órgano concedente na súa sede electrónica.

Entre estas axudas a convocar atópanse as axudas “*Ramón y Cajal*”, as cales teñen a finalidade de promover a incorporación de persoal investigador, español e estranxeiro, cunha traxectoria destacada en centros de I+D mediante, por unha parte, a concesión de axudas dunha duración de cinco anos para a súa contratación laboral e unha financiación adicional para a execución da actividade de investigación que se realice, e por outra banda, a concesión de axudas para a creación de postos de traballo de carácter permanente nos axentes do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación beneficiarios destas axudas.

Desde a convocatoria do 2012, establécese un maior compromiso na estabilización das persoas seleccionadas por parte dos centros de I+D, sendo necesario regular a xestión destas axudas na Universidade de Vigo e así cumprir coas obrigas requiridas polo órgano convocante.

## **1. Procedemento**

As solicitudes de participación ás axudas “*Ramón y Cajal*” presentaranse polas persoas candidatas e os centros de I+D, a través das aplicacións telemáticas, de conformidade co procedemento que se establece nas respectivas convocatorias. A presentación da solicitude dos Centros, deberase realizar mediante sinatura electrónica do representante legal da entidade.

As axudas “*Ramón y Cajal*”, constan de cinco anualidades e unha axuda adicional por cada investigador contratado, para os gastos directamente relacionados coa execución das actividades de investigación.

No caso de que a Universidade de Vigo, lle cree un posto de traballo de carácter permanente, a este persoal investigador, no ámbito de coñecemento ao que pertenza a súa praza, percibirase unha axuda adicional por cada unha das prazas creadas e cubertas que se recibirá mediante unha sexta e sétima anualidade.

A cobertura destes postos deberá ser posterior á avaliación do informe de seguimento correspondente ás catro primeiras anualidades e, no caso de que a cobertura se produza unha vez finalizada a axuda para a contratación, o prazo máximo para esta cobertura será de nove meses a contar desde o día seguinte á súa finalización.

## **2. Tramitación do procedemento**

Unha vez convocada a axuda “*Ramón y Cajal*” polo órgano competente, a solicitude e as actuacións, presentación das xustificacións e seguimento derivados da concesión destas axudas, xestionaranse polo Servizo de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento.

Cunha antelación mínima de tres meses, este Servizo, comunicará á Vicerreitoría de Investigación para o seu traslado á Vicerreitoría competente en materia de profesorado, as persoas beneficiarias destas axudas que inicien a quinta anualidade, achegando a data de finalización da mesma.

Unha vez creadas e cubertas as prazas correspondentes coa fin de xestionar a axuda pola creación do posto de traballo de carácter permanente, consistente nunha sexta e sétima anualidade, a vicerreitoría competente en materia de profesorado, a instancia da Vicerreitoría de Investigación, comunicará a relación das persoas estabilizadas xunto coa documentación xustificativa requirida de cara á súa presentación polo Servizo de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento.

## **Disposición derogatoria**

Queda derogada a Instrución da xerencia pola que se determina a sistemática da xestión das axudas “*Ramón y Cajal*” na Universidade de Vigo do 4 de marzo de 2020.

## Disposición final

Esta instrución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.

SERVIZO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO  
SERVIZO DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR  
VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN  
VICERREITORÍA DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO